

al

Exemplar gratuito

MÚSICA

**Antía
Muíño**

NO TEATRO JOFRE

Anabel Alonso

NO PAZO DA CULTURA

Huéspedes Felices

A prestixiosa revista Efe Eme considera “Espacio temporales” (Clifford Records) un dos discos da temporada pero os seus responsables seguen sendo uns descoñecidos na súa terra. Son os Huéspedes Felices, unha banda fenesa insólita que leva xa 33 anos creando melodías de pop, folk e psicodelia alleas ao tempo e impermeables ao éxito.

TEXTO: Nicolás Vidal | **FOTO:** R. Capa

Aí. Acaba de saír “Espacios temporales”, a crítica especializada di que é o voso mellor disco. Como foi o seu nacemento?

HF. Moi lento e complicado. Comezamos antes xa da pandemia e polo medio pasounos de todo. Dimos moitas voltas ao son que buscábamos conseguir e que non daba chegado. Finalmente o tempo clarifica todo e fixemos o traballo que mellor nos define como banda: dez temas de rock, folk, soul, progresivo, instrumentais e moita psicodelia.

Aí. En 1993 debutastes no pub ferrolán Quelíceros. Que pensariades se vos din que 33 anos despois seguriades xuntos e gravando discos aplaudidos pola crítica?

HF. Se nos deixaran escoitar este “Espacios Temporales” dariamos por boa toda a viaxe que tiñamos por diante. Empezamos por diversión e sen presións e así seguimos, supoño que iso será o que nos

fixo aguantar tanto tempo. O importante a trinta anos vista é que a aprendizaxe deunos máis ferramentas para acadar o que buscábamos.

Aí. Sodes máis de estudio por probar sons ou porque non vos gusta tocar ao vivo, como Brian Wilson?

HF. Gústanos tocar e gústanos gravar, o que non nos gustou nunca foi ensaiar, e iso é un problema á hora de presentarse en vivo. En calquera caso, cando tomamos en serio a cousa non lle desmerecemos a ninguén. Empezamos por diversión e así seguimos, supoño que iso será o que nos fai aguantar tanto tempo. Nós imos a noso ritmo porque tampouco esperamos nada especial agás gravar e publicar.

Aí. E como é ese traballo no voso estudio?

HF. Para a nosa música é a clave. Poder adicarlle tempo ás cancións, sen presións, mellora o resultado final. Temos un estudio propio pero semiprofesional, no

que gravamos todo o que publicamos e dos resultados estamos moi satisfeitos. Somos autosuficientes.

Aí. Facedes temas propios e moitas versións camufladas ou non. Como enfocades o tema do material?

HF. Non facemos cancións de amor oso-osita aínda que hai quen pensa que o noso son as aventuras galácticas, que tampouco. Á música vai con textos que non din nada e o din todo. Das versións, contamos xa cunhas 120 tocando todos os paus musicais, adaptándoas coas nosas letras..

Aí. Despois de tantos anos, vosa produción musical é xenerosa e sempre cun estilo recoñecible.

HF. Sen dúbida, aí están os nosos discos. Para os curiosos se queren pasear pola nosa Bandcamp ou Spotify poden botar un bo tempo entretidos.

Aí. Como definiríades o son “Huéspedes”, ese que se foi enriquecendo e variando cos anos?

HF. Basicamente somos un

“GÚSTANOS TOCAR E GÚSTANOS GRAVAR, O QUE NON NOS GUSTA É ENSAIAR”

grupo de rock apoiado en todo o pasado musical aínda que temos especial querenza pola música feita na segunda metade dos 60 e primeiros 70 coas influencias sicolodélicas en primeiro plano.

Aí. Comezastes en Animal Records e na actualidade levades desde 2012 na discográfica almeriense Clifford Records. Como é esa relación?

HF. A estancia en Animal foi breve ao noso pesar pero construtiva, fixemos amigos que aínda perduran. Con Clifford a relación xa transcende o musical. En Laureano atopamos outro Huésped Feliz máis.

Aí. O rock ten futuro ou só pasado. Como vedes ese tema?

HF. O rock non morre, supoño que seguiran aparecendo cancións fantásticas como

no pasado pero non cremos que aparezan movementos musicais que poidan influír dalgunha maneira na sociedade como sucedía hai anos. Hoxe en día hai demasiada oferta e normalmente as propostas interesantes non pasan do círculo de amigos.

Aí. Preferides as salas ou os festivais?

HF. Temos actitude pubroqueira así que eliximos salas pequenas, como espectadores sempre nos gustou ter aos músicos preto.

Aí. O voso primeiro sinxelo foi “Sé que hay algo mágico”. Logo de tanto tempo, cal é a maxia do rockanroll, que dicían os Lovin’ Spoonful?

HF. Supoño que montar barullo e desbravar co venres no pensamento, como dicían os Easybeats.

Aí. Nun concerto voso o gran Chema Rey de Radio 3 quedou abraiado coas vosas referencias musicais, grupos e artistas fóra do “mainstream”. Sería de xustiza algún tipo de recoñecemento á vosa traxectoria ou coa diversión de tocar chega?

HF. Probablemente, pero iso e algo no que non podemos facer nada, se o público e os medios locais non consideran a nosa proposta. Estamos contentos co que din de nós, non nos importa demasiado. A estas alturas estamos convencidos do que facemos.

Aí. Finalmente, o nome do grupo como naceu?

HF. En síntese, un de nós tiña gripe e un médico amigo dixo que os virus xa estaban dentro do corpo, “como hóspedes felices”. En fin, os nomes dos grupos nacen de cousas así.

PUERTO Y CIUDAD

**17
MARZO**

**Charla-taller: "Autocuidado
consciente: un encuentro
para tu piel y tu bienestar"**

Sala Curuxeiras
17:00 H A 19:00 H

**27 MARZO
-
5 ABRIL**

Fiesta del Marisco

Muelle de Curuxeiras

 **Ferrol
Puerto**

Autoridad Portuaria
Ferrol - San Cibrao

07 sábado

17.30 H

CHANFAINA LAB

Gala

CASA DA CULTURA (SAN SADURNIÑO)

DE BALDE

ISABEL BLANCO E KEVIN LORENZO PRESENTAN A GALA CHANFAINA LAB E ENTREGARÁN O PREMIO BERNARDINO DE LAMAS A JOSÉ R. FERNÁNDEZ.

José Roberto Fernández dedicou a súa filmografía ao cinema de natureza en Galicia; a súa última obra é unha longametraxe documental sobre a Lagoa de Valdoviño. Na gala proxectaranse as 20 curtametraxes producidas na décima edición deste laboratorio cinematográfico único en Galicia.

07 sábado

19.00 H

A IGUALDADE NON TEN IDADE

Teatro

ÁREA RECREATIVA O CASTRO (CERDIDO)

DE BALDE

ESPECTÁCULO PARTICIPATIVO DE LUIS VALECILLO CON TEATRO, MÚSICA E XOGO ESCÉNICO.

A obra está pensada como espazo de encontro interxeracional no que público infantil e adulto comparten experiencia cultural para transmitir valores de igualdade e convivencia a través das artes.

07 sábado

12.30 H

LAVANDEIRAS

Teatro

NAVE DO MERCADO (MOECHE)

DE BALDE

VERO RILO RECUPERA O PATRIMONIO ORAL LIGADO ÁS MULLERES DOS LAVADOIROS.

Combinando narración, música e tradición, Rilo recupera a memoria colectiva arredor dos ríos e das fontes, historias transmitidas entre xeracións.

06 venres

20.30 H

EL HIJO DE LA CÓMICA

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

16 €



JOSÉ SACRISTÁN ESCRIBIU, DIRIXE E INTERPRETA ESTE MONÓLOGO BASEADO NA PRIMEIRA PARTE DAS MEMORIAS DE FERNANDO FERNÁN GÓMEZ, EL TIEMPO AMARILLO.

O actor José Sacristán, sen dúbida un dos «grandes nomes» das artes escénicas españolas rescata neste texto as memorias de Fernando Fernán Gómez e as súas propias vivencias con el para dar vida sobre o escenario a outro grande da interpretación que, segundo palabras de Sacristán, ensinoulle a escoitar o mundo. Co agarimo dese recordo, esta obra pon en pé as súas historias: relatos compartidos que falan de medos, esperanzas e soños.

Unha sentida homenaxe a quen foi o seu amigo e, á vez, o seu mestre. Fernando Fernán Gómez era fillo de actriz, dunha «cómica», de aí o título da obra que rescata as súas raíces, a súa esencia e a súa humanidade. Unha peza para recordar ao amigo e dramaturgo pero tamén para recomendar os textos que deixou escritos.

13 venres

20.30 H

SER HUMANA

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

12 €



ESTA PEZA UNIPERSOAL – ESCRITA E PROTAGONIZADA POR ANGIE OÑA – RESCATA A VIDA E OBRA DE SABINA SPIELREIN, PIONEIRA DA PSICANÁLISE E CUXA FIGURA QUEDOU Á SOMBRA DE FREUD E JUNG.

Sabina Spielrein (1885-1942) foi paciente, alumna, amiga, amante, colaboradora e colega de Jung. Nos seus diários, as súas cartas e a súa teoría, ela desenvolve ideas que moito máis tarde tomarán presenza nas obras tanto de Jung como de Freud. Con todo, a súa historia estivo oculta durante moitos anos. A peza, escrita pola dramaturga uruguaia Angie Oña, rescata palabras do seu diario, a súa correspondencia e a súa teoría.

Spielrein atravesou a tolemia e habitou profundos delirios. Comezou a estudar psicoloxía mentres estaba internada, e apaixonouse de tal forma que comprendeu mesmo o funcionamento da súa enfermidade, colaborando activamente coa súa sanación. Ingresa á Universidade de Zúric e especializouse en psicoloxía e psiquiatría. Logo desenvolveu achegas teóricas fundamentais para ambas as áreas. Foi asasinada polos nazis.

13 venres

20.30 H

LA MARE

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

8 €

APOSTA SEGURA PARA FANS DA CANCIÓN DE AUTORA E DO FLAMENCO, DO QUE A CANTANTE GADITANA TEN MÚLTIPLES INFLUENZAS.

La Mare é unha compositora e cantante amante da palabra e as músicas de raíz. O seu proxecto fusiona ritmos e estilos coa dozura chea de garra da súa voz. Na súa música priman os ritmos tradicionais do norte ao sur da península, con matices do folclore latinoamericano e toda a súa raíz africana. Esta riqueza musical, únese a unha proposta poética que é o seu selo de identidade. Cantar, bailar, chorar e rir, todo a un tempo, é o habitual nun concerto dela.

14 sábado

20.30 H

DULCINEA

Teatro

TEATRO JOFRE (FERROL)

12 €



A ACTRIZ PALOMA SAN BASILIO E O PIANISTA JULIO AWAD INTERPRETAN UN PODEROSO TEXTO DE JUAN CARLOS RUBIO.

Paloma San Basilio interpreta a esa muller ideal, forxada a golpe de tópicos e fantasías do cabaleiro andante máis famoso do mundo, e agora cóntanos a súa historia desde outro ángulo, o que os libros de cabalería non foron quen de recoller. E faíno con humor, dor, ironía e cunha absoluta sinceridade.

15 domingo

FEIRA DO QUEIXO

Mercado

RECINTO FEIRAL (MOECHE)



NA OITAVA EDICIÓN, ESTA FESTA REUNIRÁ 35 PRODUTORES DE QUEIXO E UN MERCADO DE ARTESANÍA AGROALIMENTARIA.

Entre as queixerías presentes nesta nova edición do mercado, 20 serán galegas e outras 14 de diferentes puntos de España; haberá tamén un posto de produtos de Italia, Suíza e Francia. Os visitantes poderán participar en catas dirixidas, obradoiros, visitas ao castelo e actuacións musicais.

14 sábado

20.00 H

GIRASOLES PARA MARÍA

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

12 €



INTERPRETADO POLA CANTANTE E ACTRIZ CUBANA GRETEL CAZÓN, O ESPECTÁCULO É UNHA HOMENAXE A CATRO DIVAS: MARÍA CALLAS, TINA TURNER, LA LUPE E CELIA CRUZ.

Espectáculo unipersoal que recrea a vida de María de la Caridad, unha exitosa cantante que despois dunha función, mentres se prepara para reunirse co amor da súa vida diante do espello do seu camerino, reflexiona sobre os seus temores e inseguridades como consecuencia das malas experiencias vividas nas súas relacións sentimentais, que sempre puxeron en risco a súa profesión.

Tu tienda de música en **FERROL**



C/ Magdalena, 31 Bajo
15402 **FERROL** - A Coruña
Tels.: **981 074 644 - 698 179 453**
e-mail: info@clefmusic.es

www.clefmusic.es

21 sábado

20.00 H

LA MUJER ROTA

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

16 €



ANABEL ALONSO PROTAGONIZA ESTA ADAPTACIÓN DA OBRA DE SIMONE DE BEAUVOIR, DIRIXIDA POR HEIDI STEINHARDT, NA QUE OS RECORDOS E A SOIDADE CONFRONTAN UN PRESENTE DESOLADOR E UN FUTURO INCERTO.

Murielle está soa na súa casa, atrapada entre o silencio da noite e os ruídos da rúa que non a deixan descansar. Mentres os recordos afloran, enfronta a perda, o fracaso e a soidade que marcaron a súa vida, cuestionando o seu papel como muller, nai, filla e esposa. A peza combina momentos de humor e de drama para facernos reflexionar sobre a vulnerabilidade, a resistencia e a procura de sentido.

20 venres

20.30 H

SÁHARA, LA BARCA DEL DESIERTO

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €

PEZA PROTAGONIZADA POR MARTA VIERA QUE NARRA A VIDA DUNHA ENFERMEIRA NO AAIÚN, QUE SE VE ENVOLTA NOS CONFLICTOS QUE MARCARON A HISTORIA DO SÁHARA OCCIDENTAL.

Unha enfermeira canaria viaxa a El Aaiún nos anos 70 para traballar nun hospital, onde se namora de Yahadih, un mozo que se une ao Frente Polisario. A relación, marcada pola clandestinidade e a guerra, convértea nun testemuño directo do abandono de España, da ocupación marroquí e da represión sufrida pola poboación saharauí.

20 venres

20.30 H

SEÑORA EINSTEIN

Teatro

TEATRO JOFRE (FERROL)

8 €



MILEVA MARIĆ, A PRIMEIRA ESPOSA DE EINSTEIN, FOI UNHA MATEMÁTICA E FÍSICA BRILLANTE, CO-CREADORA DA TEORÍA DA RELATIVIDADE. TEATRO DEFONDO RECUPERA A SÚA HISTORIA.

Señora Einstein rende homenaxe a una muller de mente excepcional que dedicou a súa vida á ciencia. Xunto a Albert Einstein, colaborou na creación da Teoría da Relatividade, un feito que a historia oficial omitiu. A súa condición de muller e nai truncou unha carreira prometedora, deixándoa á marxe do recoñecemento científico. Agora, Mileva busca a alguén do seu pasado para relatar a súa historia, unha vida de talento e sacrificio nun mundo dominado por homes, que merece ser contada. A obra, dirixida por Vanessa Martínez, está protagonizada por Esperanza García-Maroto (Mileva) e Gustavo Galindo (Albert).

27 venres

20.30 H

ANTÍA MUÍÑO

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

8 €



A CANTANTE E GUITARRISTA LANZA ANFIBIA POR VECES, UN DISCO SENSIBLE E ECLÉCTICO QUE EXPLORA NOVOS TERRITORIOS SEN PERDER A SÚA ORIXE.

O novo álbum de Muíño –unha das voces máis prometedoras e atrevidas da música galega contemporánea– confirma o seu talento e a súa capacidade de moverse entre xéneros e territorios inexplorados, deixando a súa pegada persoal en cada tema. O repertorio inclúe unha versión libre dun fado portugués adaptado ao galego, un pasodobre de desamor acompañado dunha brass band, incursións no jazz e cancións de autor de carácter introspectivo.

27 venres

20.30 H

CHEGAR E ENCHER

Monólogo

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



INVENTI TEATRO PRESENTA UN MONÓLOGO ÁCIDO QUE MESTURA IMPROVISACIÓN, NARRACIÓN ORAL E CABARET NUN CANTO AO FRACASO E Á LIBERDADE.

Interpretado por Bea Campos, *Chegar e encher* conta a historia dunha muller, cuxas decisións a afastaron do destino esperado e a levaron ás táboas dun escenario. Entre confesión e sátira, a obra reflexiona con humor sobre a imposibilidade de controlar a vida e a presión dos roles de xénero.



8 MARZO
 día da muller
ACTOS



5 de marzo

☑ Café Teatro
🕒 16:00h

☑ Narón adestra en Igualdade
Formación dirixida a entidades deportivas

7 de marzo

☑ Biblioteca Municipal
🕒 11:00h

☑ Contacontos infantil - Ana Meilán
Que pasaría se o mundo quedase sen bígoas?
*Para reservar praza a partir do 3 de marzo ás 16:00h de maneira presencial ou no tño. 981 382 173 en horario de apertura

8 de marzo

☑ Polideportivo da Gándara
🕒 10:00h

☑ V Carreira e Andaina pola Igualdade
* O prazo de inscrición estará aberto ata o vindeiro 4 de marzo na web: www.carreiragalegas.com

☑ CIMIX Xuvia
☑ Homaxe institucional á Muller do Ano 2026
☑ Iluminación de diferentes espazos municipais

09 ao 21 de marzo

☑ Biblioteca Municipal
🕒 16:00h

☑ Sororidade
Mostra bibliográfica e audiovisual que explora a sororidade a través de libros e películas nas que os vínculos e apoio mutuo e as alianzas entre mulleres ocupan un lugar central.

13 de marzo

☑ Rest. Pazo Libunca
🕒 21:30h

☑ Cea das Mulleres
*Reservas no teléfono 881 064 527

28 de marzo

☑ CCS da Solaina
🕒 11:00h

☑ Conferencia: Muller e discapacidade



xpor igual III PLAN DE IGUALDADE DE NARÓN

28 sábado

20.00 H

CARTOGRAFÍA DUN NAUFRAXIO

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



**MARIÑA LESTÓN PRESENTA UNHA PEZA
PROPIA QUE AFONDA NA HISTORIA DO MAR
A TRAVÉS DE RELATOS REAIS E CANTIGAS
POPULARES EN DIRECTO.**

Costa da Morte, cartografía dun naufraxio reconstrúe historias de afundimentos na Costa da Morte para lembrar ás persoas que xa non están e dar visibilidade ás que quedaron en terra: viúvas, orfas e mulleres que socorreron, evitando que as súas vivencias caían no esquecemento.

28 sábado

20.30 H

DIQUE

Danza

TEATRO JOFRE (FERROL)

8 €



**NOVA GALEGA DE DANZA ESCENIFICA
DIQUE, UNHA PEZA COA QUE HOMENAXEA
ÁS ESTIBADORAS QUE TRABALLARON NA
CONSTRUCCIÓN DO DIQUE DA CAMPÁ.**

Eran unhas 200 mulleres que retiraron 245.000 metros cúbicos de terra e pedras e transportáronos en cestas que levaban sobre as súas cabezas. No 150 aniversario do inicio da construción do dique da Campá, a compañía Nova Galega de Danza crea esta obra que fusiona baile tradicional e contemporáneo nunha conversa que reflicte a conexión entre o pasado e o presente. Dirixida por Marta Pazos, Dique fala de fortaleza e resiliencia, de sindicalismo e empoderamento e de solidariedade.



**VIII FEIRA DO QUEIXO
MOECHE 2026
DOMINGO 15 MARZO
RECINTO FEIRAL MOECHE**

MOECHE
CONCELLO

Cabo Ortegal
MUNICIPIO

Deputación
DA CORUÑA

Apóiamos
que sabe

Singular.

XI Festival Internacional
do monólogo teatral

6–29 de marzo 2026,
Pazo da Cultura de Narón

El hijo de la cómica

PENTACIÓN ESPECTÁCULOS

6 marzo, 20:30 h
Pazo da Cultura

Bailar agora

MARTA ALONSO TEJADA

7 marzo, 20:00 h
Pazo da Cultura

Ser humana

ANGIE OÑA

13 marzo, 20:30 h
Pazo da Cultura

Girasoles para María

CULTURAL PROMOTER

14 marzo, 20:00 h
Pazo da Cultura

Sahara, La barca del desierto

UNAHORAMENOS PRODUCCIONES

20 marzo, 20:30 h
Pazo da Cultura

La mujer rota

LAZONA TEATRO

21 marzo, 20:00 h
Pazo da Cultura

Chegar e encher

BEA CAMPOS

27 marzo, 20:30 h
Pazo da Cultura

Costa da Morte, cartografía dun naufraxio

MARIÑA LESTÓN

28 marzo, 20:00 h
Pazo da Cultura

Actividades paralelas:

Obradoiro de Creación
“presencia, sensibilidad
y agresividad actoral”,
Angie Oña/Uruguai

9–11 marzo
Auditorio Municipal

Obradoiro de
Interpretación e Creación
“Fai o teu”, Noemi
Rodríguez /Galicia

16–18 marzo
Auditorio Municipal

Obradoiro de
Dramaturxia creativa,
Esther Carrodegus
23–26 marzo
Auditorio Municipal

Encontro “Festivais
internacionais de Artes
escénicas”

19 marzo, 18–20h
Pazo da Cultura

Asamblea REDELAÉ
20 marzo
Café Teatro Pazo da Cultura

Rolda de Negocios
21 marzo, 11–13h
Pazo da Cultura

Segue a actualidade do Festival:

www.padroaddecultura.es

[facebook/padroaddeculturaconcelledenaron](https://facebook.com/padroaddeculturaconcelledenaron)

[@culturanaaron](https://twitter.com/culturanaaron)

Infantil:

Esperta o rinoceronte

NAO CARACOLA

8 marzo, 18:00 h
Pazo da Cultura

As aventuras de Mariña

ALBA BERMÚDEZ

15 marzo, 18:00 h
Pazo da Cultura

Estrafalaria

ATENEA GARCÍA

22 marzo, 18:00 h
Pazo da Cultura

Canta, buguina, canta

MARTA ORTIZ

29 marzo, 18:00 h
Pazo da Cultura

ESTREA DESTACADA: 6 DE FEBREIRO



Pedro Almodóvar **AMARGA NAVIDAD**

Amarga Navidad fala da perda, pero tamén do que se resiste a morrer dentro de nós. En que momento vital se atopaba cando escribiu esta nova historia?

Nun moi parecido ao actual. É un filme que fai referencia á miña propia vida. Empecei falando de algo que ten que ver comigo, unha ponte da constitución de 2004 no que, ademais de ter xaquecas, sufrín un ataque de pánico, e vinme de inmediato escribindo sobre min mesmo, pero con forma feminina e trasladando a miña vida ao filme. Certo é que nun momento pregunteime: ata que punto un ten dereito a falar ou a incluír a todos os demais que foron parte da súa vida? Creo que hai que ter uns límites morais, pero o certo é que cando nalgũa ocasión me inspiraron os demais, inspiráronme as partes máis dolorosas, non as partes felices.

Escribir sobre un mesmo é moi doloroso, como é enfrontarse a narrar a súa propia vida?

É bastante doloroso. Cando escribín *Dolor y gloria*, que é o filme paralelo a este, pareime e

pregunteime se estaba disposto a seguir con iso. Porque se tomas a decisión de facelo, para que funcione ten que ser absolutamente real e honesto. Non podes estar a mentir, ocultando. Pero nesta fita, olla, que o que me parei a pensar é: estou disposto a falar de toda a miña vida cando me pregunten? Porque claro, unha cousa é facer o filme, e que a xente o vexa, e outra cousa... os xornalistas. E pensei: pois hei de me enfrontar ao que me vaia sucedendo durante a promoción.

A fita está atravesada por unha melancolía contida e case silenciosa. Pedro, sentía a necesidade de facer un filme máis íntimo que narrativo?

No filme hai dúas historias importantes que están narradas a base de silencios, no canto de dicirse a verdade do que está a acontecer. Ese silencio pode ocultar unha chea de cousas, medo a falar con outra persoa, infidelidades, ou pode ocultar simplemente que é unha parella que se entende, pero na que o desexo desaparece. A min

parecíame moi orixinal porque non escribira nunca un tipo de parella vivindo nesa situación. Eu, ás veces, teño tempadas de melancolía que forman parte da miña vida, pero para min, como son moi activo e barroco, representa momentos de tranquilidade, é unha tristeza non negativa, que se converte nun modo sereno de mirar ao meu ao redor sen necesidade de responder de inmediato ao que me rodea.

Esta fita vén a dicir que estará a crear ata o final dos días, que quere morrer coas botas postas.

Si. Lembro cando John Houston estaba a facer *Dublineses* (Os mortos), a novela de James Joyce. Foi o seu último filme e estaba moi maior, en cadeira de rodas e a bombona de osíxeno conectada. Esa era a imaxe de alguén que vive para crear. Cando a vi, pensei, a min non me importaría terminar así. Si, quero morrer coas botas postas.

Alberto Piteño para Harpers Bazaar

06 MARZO

EL MAGO DEL KREMLIN

Olivier Assayas

2025 | FRANCIA | 156' | INGLÉS | +12



No medio do caos postsoviético dos anos 90, o produtor de televisión Vadim Baranov (Paul Dano) destaca pola súa elocuencia e conexión coas altas esferas. Da noite para a mañá, convértese no asesor dun axente do KGB cun brillante porvir: Vladimir Putin (Jude Law). Desde as entrañas do poder, ambos darán forma á nova Rusia, difuminando os límites entre a verdade e a mentira.

Venecia 2025 (Sección Oficial)

“Ambiciosa, fría, dura” El País

EL ÚLTIMO VIKINGO

Anders Thomas Jensen

2026 | DINAMARCA | 126' | DANÉS



Anker sae de prisión tras cumprir unha condena de quince anos por roubo. O diñeiro foi agochado polo seu irmán Manfred (Mads Mikkelsen). Infelizmente, Manfred desenvolveu un transtorno mental que lle fixo esquecer todo e que o leva a crer que é un dos integrantes dos Beatles.

Venecia 2025

“Constantemente entretida, estraña e conmovedora” The Hollywood Reporter

13 MARZO

EL ARQUITECTO

Stéphane Demoustier

2025 | FRANCIA | 105' | FRANCÉS | +12



1983. O goberno francés convoca o maior concurso de arquitectura. O gañador é, sorprendentemente, o descoñecido profesor Johan Otto von Spreckelsen, que se verá á fronte da construción do Arco da Defensa de París. Non tardará en descubrir que, para preservar a súa visión, terá que enfrontarse ao xogo político.

Venecia 2025 (Sección Oficial)

“Guionista excepcional, Demoustier asina un filme intelixentemente accesible” Cineuropa

ÁGUILAS DE EL CAIRO

Tarik Saleh

2025 | SUECIA | 126' | ÁRABE | +16



George Fahmy é o actor máis adorado de Exipto, vese presionado a protagonizar un filme encargado polas máis altas autoridades exipcias. Aceptando sen gana, este papel será a porta que o fará entrar no selecto grupo das persoas máis poderosas do país. Axiña comeza un romance coa misteriosa esposa do xeneral que supervisa o proxecto.

Cannes 2025 (Sección Oficial)

“Escuro e intelixente thriller conspirativo de Tarik Saleh.” The Hollywood Reporter

20 MARZO

AMARGA NAVIDAD

Pedro Almodóvar

2026 | ESPAÑA | 110' | ESPAÑOL



Cando súa nai morre, Elsa refuxiase no traballo. Até que unha crise de pánico a obriga a impor un repouso. Viaxa a Lanzarote coa súa amiga Patricia, mentres que a súa parella fica na cidade. A historia destes tres personaxes, e algúns máis, nánranse paralelamente á do guionista e director de cinema Raúl Durán, mesturando ficción e realidade.

27 MARZO

ALTAS CAPACIDADES

Víctor García León

2026 | ESPAÑA | 101' | ESPAÑOL



Alicia e Gonzalo, unha parella de clase media, atópanse coa oportunidade de matricular ao seu fillo Fer nun colexio laico de elite. Para os pais supón asomar a cabeza na clase alta, novas amizades, maiores ingresos, vantaxes incontables. Din facelo polo seu fillo. Nesta marabillosa contradición entre os medos e os principios morais, as aspiracións da parella levarán por diante o que, ata entón, crían incuestionable.

Málaga 2025 (candidata a mellor Filme)

Tempada de Ópera & Ballet

MAR 3 ÁS 20:15

GISELLE

Marius Petipa
Royal Opera & Ballet

2026 | REINO UNIDO | 210' | BALLET



A campesiña Giselle namorou de Albrecht. Cando descobre que el é en realidade un nobre comprometido con outra muller, quítase a vida presa da desesperación. O seu espírito únese ás Wilis: pantasmas vengativas de mulleres que arrastran aos homes a unha danza mortal.

MAR 31 ÁS 20:15

SIEGFRIED

Antonio Papano
Música: Richard Wagner
Royal Opera & Ballet

2026 | REINO UNIDO | 330' | ALEMÁN | ÓPERA



Criado por un anano astuto e sen coñecer as súas verdadeiras orixes familiares, un mozo emprende unha viaxe épica. O destino condúceo pronto até unha espada rota, un dragón aterrador que custodia un anel maldito e unha valquiria sumida nun soño encantado... Terceiro capítulo do ciclo do Anel de Wagner, con Andreas Schager no papel principal.

OFF DUPLEX

O MELLOR CINEMA ALTERNATIVO. PASES ÚNICOS

MAR 10 ÁS 20:00

ORWELL 2+2=5

Raoul Peck

FRANCIA | 119' | INGLÉS | +16



George Orwell foi un dos autores máis visionarios do século XX, as súas novelas 1984 e Rebelión na granxa prediciron un futuro autoritario e arrepiante. O aclamado director Raoul Peck (I Am Not Your Negro) entrelaza diferentes fontes para crear non só un retrato do escritor, senón unha perspectiva sobre o profética que foi a súa obra.

Cannes 2025 (Première)

“Enxeñoso exercicio de equilibrio” *The Wrap*

MAR 24 ÁS 20:00

FUCK THE POLIS

Rita Azevedo Gomes

PORTUGAL | 74' | PORTUGUÉS



Hai vinte anos, créndose condenada, Irma emprende unha viaxe a Grecia. Hoxe volve sobre os seus pasos, acompañada por tres mozos. De illa en illa, entre o ceo e o mar, os viaxeiros len, escoitan e viven, levados por unha ansia de beleza e claridade.

Xixón 2026 (FICX Premiere)

“Un documental poético e impresionista da directora, que reflicte o seu amor por Grecia” *Screendaily*

Petís DUPLEX

CINEMA PARA TODA A FAMILIA CADA DOMINGO ÁS 12:00 HORAS

Entradas gratuita até completar aforo. Colabora o Concello de Ferrol

DOMINGO 1 E 15

POLLOLIEBRE Y EL SECRETO DE LA MARMOTA

Benjamin Mousquet

FRANCIA | 86' | ESPAÑOL | TP



Polloliebre está de volta! Un segredo sobre o pasado sae á luz para arrastrar ao heroe e os seus amigos nunha épica aventura en busca dunha misteriosa marmota co poder de modificar o pasado. “Unha oda a amizade e á cultura mixta” *Cineuropa*

DOMINGO 8 E 22

BILLY, EL HÁMSTER COWBOY

Antoine Rota, Caroline Murrell

FRANCIA | 67' | ESPAÑOL | +3



Billy é un hámster de gran corazón que soña con se converter nun verdadeiro cowboy. Pero, que é o que precisa para cumprir o seu soño? uns compañeiros intrépidos, un verdadeiro sombreiro de vaqueiro e, por último, aventuras, unha chea de aventuras.

DUPLEX presenta

DOM 8 ÁS 17:45

AS ESTAÇÕES

Maureen Fazendeiro

2025 | ESPAÑA | 52' | GALEGO



O pase contará cUn coloquio en liña coa DIRECTORA Maureen Fazendeiro Entretecendo relatos de traballadores rurais e notas de campo dunha parella de arqueólogos, imaxes de afeccionados e debuxos científicos, lendas, poemas e cancións, As Estações é unha viaxe a través da historia real e os contos do Alentejo e un retrato da xente que viviu alí.

Locarno 2025 (Sección Oficial)

LUX AWARD

PASES ESPECIAIS DE FILMES CANDIDATOS AO PREMIO DO PÚBLICO NO FESTIVAL DE CINEMA EUROPEO DE 2026

MÉR 4 ÁS 19:45

UN SIMPLE ACCIDENTE

Jafar Panahi

2025 | IRÁN | 105' | PERSA



Vahid, un modesto mecánico iraniano, atópase con Eghbal, quen lle recorda ao seu sádico carceleiro. Alarmado, Vahid reúne aos seus antigos compañeiros de prisión para verificar a identidade de Eghbal. Pero... Que farán se resulta ser el?

Cannes 2025 (Palma de Ouro a Mellor Filme)

“Demoledora fábula moral, rotunda e poderosa” El País

MÉR 18 ÁS 19:30

SORDA

Eva Libertad

2025 | ESPAÑA | 81' | ESPAÑOL | TP



Ángela, unha muller xorda, vai ter un bebé con Héctor, a súa parella ouvinte. O embarazo fai aflorar os seus medos fronte a maternidade e sobre como poderá comunicarse coa súa filla. A chegada da nena xera unha crise na parella e leva a Ángela a afrontar a crianza da súa filla nun mundo que non está feito para ela.

Panorama Berlinale 2025 (Premio do Público e CICAIE)

“Cine transparente e profundamente emotivo” El Mundo

DUPLEX Cinema

De LUNS a DOMINGO De 17:00 a 22:00
Sesiões matinais sábados e domingos

Proxeccións en VOSE, agás que se sinale o contrario.

Máis información en duplexcinema.com

Travesía Moreno 3, Ferrol

info@duplexcinema.com | 981 35 60 65





ENSAIO

AGORA NON É ANTES. IDEAS PARA UNHA REVOLUCIÓN TRANQUILA

ANTÓN BAAMONDE | GALAXIA | 240 PÁX. | **23,60 €**

O PRINCIPAL TEMA DE INTERESE DO FILÓSOFO ANTÓN BAAMONDE NOS ÚLTIMOS ANOS CÉNTRASE NO QUE SEXA GALICIA A DÍA DE HOXE E CARA ONDE VAL.

Así o manifestou en obras anteriores como “A derrota de Galicia” e máis claramente en “Unha nova Olanda” e “Galicia, distrito industrial”, en colaboración con Daniel Hermosilla. Agora ve a luz o novo ensaio do vilalbés, “Agora non é antes”, que leva por ilustrativo subtítulo “Ideas para unha revolución tranquila”. O traballo consta de catro partes nas que se analiza o papel de Galicia na Europa de hoxe en nun estado cun Madrid que semella absorbelo todo, recursos e poder político. Unha segunda parte sobre a tradición liberal e a situación de Galicia no contexto estatal. Na terceira parte volve Baamonde sobre o cambio de época hoxe e o papel esencial das cidades na sociedade moderna, por suposto nunha Galicia xa urbanita de pleno. O sorprendente tema final, froito dunha conferencia agora recuperada, analiza o papel dos museos modernos como síntoma e espello dos cambios que unha sociedade como a galega viviu nas últimas décadas e o que deixou polo camiño. Unha achega valiosa este manual que é como un compás que trata de situar no seu espazo, con pertinencia e lucidez, a Galicia contemporánea lonxe de clixés no complexo tempo en que vivimos.

NOVELA INFANTOXUVENIL

UNHA HISTORIA DE AMOR COMO OUTRA CALQUERA

ROSA ANEIROS | GALAXIA | 176 PÁX. | **12,95 €**

Obra gañadora do Premio Raíña Lupa da edición de 2024, aparece agora a última novela da escritora de Valdoviño Rosa Aneiros trala agre polémica pola casa na que se ía publicar. Estamos ante un retrato familiar centrado en Alma, unha adolescente tan espelida como chea de carraxe criada entre uns país ausentes, un informático que persigue delitos na rede e unha nai bióloga na Antártida. Entre incompreensións e segredos familiares transcorre esta interesante narración coa figura ao fondo, como metáfora e símbolo, do gran explorador Ernest Shackelton.

ENSAIO

HAMNET

MAGGIE O' FARRELL | LIBROS DEL ASTEROIDE | 368 PÁX. | **23,95 €**


Fenómeno literario desde a súa publicación en 2021, “Hamnet”, a multipremiada novela de Maggie O’ Farrell, amosa as diferenzas que poden darse entre o libro e a película baseada nela incluso cando a autora participa no seu guión. O que é sutil nas páxinas da narración, sobre todo no seu final, convértese nun torpe instrumento de chantaxe sentimental na película, tan do estilo dun Hollywood do máis previsible. En calquera caso, sempre teremos o estupendo best seller para botarnos aos ollos coa impecable tradución de Concha Cardeñoso.

DELICIAS SONORAS



OCEANO ESKIZO DEMOS NO SOTO

O selo ferrolán Ferror Records segue a darlle unha oportunidade a novas bandas. Neste caso a nova banda é Océano Eskizo, un quinteto inzado de músicos máis que veteranos. Mesturan nunha alquimia after punk as súas influencias sonoras coa seu propio espírito rabudo, que para iso están membros de Eskizos, Kozmic Muffin, Meu, Viuda Gómez ou os Radio Océano que aportan a voz e liderado espiritual de Johnny Rotring. O seu primeiro traballo, este EP de catro temas, xa deu para polémica xa que o vídeo da canción “Vai preso Lucho Manllón” foi cancelado por Youtube pola adicatoria a Luigi Mangione, o asasino dun executivo dunha asegura médica estadounidense que enganara a miles de asegurados. Máis rabia nos temas “A verdade sempre é violenta”, “A que virá”, unha severa advertencia do que lle agarda a esta sociedade se segue así, para rematar cunha versión do “Holiday in Cambodia” dos Dead Kennedys con outra letra irónica de Rotring/Pereiro. Agardando un disco longo, “Demos no soto” traenos desde os 80 unha mensaxe de furia necesaria.



RONNIE D'ADARIO WRITTEN BY

Ronnie é unha figura de culto do mellor pop norteamericano, voces e melodías, das últimas décadas. Cunha ducia de discos as súas costas e cancións para numerosos artistas como The Carpenters, D'Adario ten feito de todo no negocio musical: compoñer, cantar, músico de sesión ou enxeñeiro de son sen ter acadado nunca o grande éxito. Dubidamos de que o presente traballo o consiga pero a verdade é que se trata dun disco excelente. Referímonos a “Written by”, publicado a finais do ano pasado e unha iniciativa dos fillos do músico, nada máis e nada menos que dos The Lemon Twigs que queren reivindicar o legado do proxenitor. Razón non lles falta e o presente traballo inclúe 13 temas, a maioría regravacións cantadas por músicos tan relevantes como Todd Rundgren, Sean Ono Lennon, Matt Jardine ou os Lemon Twigs que recrean pezas de D'Adario cheas de referencias ao pop clásico dos Beatles aos Beach Boys. A sorpresa son un par de temas inéditos, “Three stumps” e “If I were you”, cantados polo propio D'Adario cheos do don para a melodía que no neioirquino emana. Bocato di cardinale.



JULIO BUSTAMANTE CONSTELATOR

Julio Bustamante é un creador de culto. Músico, debuxante e novelista que ten unha lexión minúscula de fans que idolatran a singular e amable personalidade deste artista. A súa elegancia, sentido do humor, pop con mesturas varias así como grandes doses de entusiasmo e crítica social conforman unha química única. O Bustamante “bo” regresa agora co seu disco número 18 desde comezos dos anos 80, pezas distintas que xuntas crean unha nova unidade. E certamente o concepto encaixa ben. Producido por Ferran Pardo, teclista do seu grupo de directo Lavanda, este traballo do valenciano conta con 14 temas de grande variedade musical e temática onde non falta o sentimento de nostalgia polo paso do tempo ou críticas ao mundo que estamos a crear como en “Primer mundo” ou “Turistas”. A obra inclúe creacións dos dous últimos anos e outras propias como “Irresistible”, “Barniz”, “Constelator” e “Ferrocarri” feitas hai tempo e publicadas agora por vez primeira na voz de Bustamante aínda que estreadas noutros artistas. Un regreso delicioso e solleiro dun autor para grandes minorías.

MARZO

01 domingo

CINE INFANTIL

12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

MI VIDA A LO GRANDE



05xoves

MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

HISTORIAS DE LA HISTORIA: 30 ANIVERSARIO DA REAL FILHARMONIA DE GALICIA

06venres

TEATRO

17.30 h Pazo da Cultura. Narón.

EL HIJO DE LA CÓMICA



07 sábado

GALA

17.30 h Casa da Cultura. San Sadurniño.

CHANFAINA LAB

MÚSICA

20.00 h Auditorio Municipal. Cedeira.

RAFAEL FERNÁNDEZ: SUÁREZ

DANZA

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

BAILAR AGORA



MÚSICA

23.00 h Sala La Room. Ferrol.

ATOPICX, CECE, CINTIA MARTIS, SOFI PERIES

08 domingo

CINE INFANTIL

12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

BILLY Y EL HAMSTER COWBOY

INFANTIL

18.00 h Pazo da Cultura. Narón.

ESPERTA O RINOCERONTE



11mércores

MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

BANDA E ORQUESTRA DO CMUS XAN VIANO

12xoves

CONFERENCIA

19.30 h Casa da Cultura. Fene.

CONTANDO CIENCIA: «A TEORÍA DO TODO: DO INFINITAMENTE PEQUENO AO BIG BANG», POR ELENA GONZÁLEZ FERREIRO

MÚSICA

20.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

CARABELA

13venres

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

LA MARE



TEATRO

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

SER HUMANA

14sábado

MÚSICA

13.30 h Sala Guirón. Pontedeume.

LONTRAS

TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

GIRASOLES PARA MARÍA



MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

DULCINEA: PALOMA SAN BASILIO



15domingo

FEIRA

11.30 h Nave del mercado. Moeche.

VIII FEIRA DO QUEIXO

CINE INFANTIL

12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

MI VIDA A LO GRANDE

INFANTIL

18.00 h Pazo da Cultura. Narón.

AS AVENTURAS DE MARINA



18mércores

MÚSICAS

20.00 h Rúas do barrio da Magdalena. Ferrol.

LAS PEPITAS

20venres

TEATRO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

SEÑORA EINSTEIN

TEATRO
20.30 h Pazo da Cultura.
Narón.

**SAHARA, LA BARCA DEL
DESERTO**



21 sábado

TEATRO
20.00 h Pazo da Cultura.
Narón.

LA MUJER ROTA



22 domingo

CINE INFANTIL
12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

**BILLY Y EL HAMSTER
COWBOY**

INFANTIL
18.00 h Pazo da Cultura.
Narón.

ESTRAFALARIA



25 mércores

CINE
20.30 h Centro Cultural Torrente
Ballester. Ferrol.

EN BOCA DE TODOS

27 venres

MÚSICA
20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

ANTÍA MUÑO



TEATRO
20.30 h Pazo da Cultura.
Narón.

CHEGAR E ENCHER

28 sábado

DANZA
18.00 h Teatro da Beneficencia.
Ortigueira.

**O LIBRO DA SELVA. O
MUSICAL**

INFANTIL
20.00 h Auditorio Municipal.
Cedeira.

**O CARTEIRO DE
XIMARAOS**



TEATRO
20.00 h Pazo da Cultura.
Narón.

**COSTA DA MORTE,
CARTOGRAFÍA DUN
NAUFRAXIO**



DANZA
20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

DIQUE



MÚSICA
20.45 h Sala La Room. Ferrol.

LERO



MÚSICA
23.00 h Sala La Room. Ferrol.

**LOU REYES & LOS ROCKIN
CORSARIOS**

29 domingo

CINE INFANTIL
12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

MARY SUPERCHEF

INFANTIL
17.00 h / 19.30 h Auditorio.
Ferrol.

LAS GUERRERAS K-POP

INFANTIL
18.00 h Pazo da Cultura.
Narón.

CANTA, BUGUINA, CANTA



**Nº 213
ANO XIX**

EDITA:

ee | edicións embora
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63-1º. 15402 FERROL.

T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es

📧 @Aí

DIRECTOR:

Miguel Toval

DESEÑO/MAQUETA:

Jose A. Farinós

REDACCIÓN E COLABORADORES:

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás
Vidal, Kiko Delgado

DEPÓSITO LEGAL:

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios
e o lugar de celebración dos actos facilitana
directamente os organizadores dos mesmos.
Edicións Embora declina calquera responsabilidade
pola suspensión ou modificación de calquera tipo
dos devanditos actos.

A paisaxe que sabe

Praia de Vilarube
VALDOVIÑO

Fervenza do Río Belelle
NEDA

Centro da Natureza de Chelo
COIRÓS

Encoro de Abegondo-Cecebre
ABEGONDO

Miradoiro do Monte Xalo
CULLEREDO

Muiños de Costa da Égoa
CARRAL

Derrubando Muros con Pintura
CARBALLO

Ponte Maceira
NEGREIRA-AMES

Centro histórico de Noia
NOIA

PAN

turismodacoruna.gal